

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A
CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 29 DE MAIO DE 2025**

ASISTENTES

ALCALDESA
Ana M^a López Fernández

**CONCELLEIROS/AS
GRUPO P.P**
Laura García Ruíz
Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE
José M. Alonso Pumar
Jonathan I. Miranda Lucas
M^a José Fraguela López

GRUPO BNG:
Carlos Castro Durán
Pablo Fraguela Casás
Nuria Oliveira Álvarez

AUSENTES
Miguel A. Pérez Fraguela
Miriam Rodríguez Fernández

SECRETARIA:
Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:
Ausente

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinte e nove de maio de dous mil vinte e cinco, reúnen-se os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

ORDE DO DIA:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
27/03/2025.**

2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 98/2025, DE 24/03/2025 ATA O 192/2025, DE 23/05/2025.

3º.- MOCIÓNS

4º.- ROGOS E PREGUNTAS

.....

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
27/03/2025**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 27/03/2025, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes, coa abstención de José M. Alonso Pumar, por non asistir á mesma.

2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA: DO 98/2025, DE 24/03/2025 ATA O 192/2025, DE 23/05/2025.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- MOCIÓNS

Non se tratou ningunha moción no pleno.

4. ROGOS E PREGUNTAS.

Carlos Castro realiza o seguinte ROGO, reiterado nos anteriores plenos:

-Que se busque un método de transmisión dos plenos.

A continuación formula as seguintes PREGUNTAS:

-Di que Laura comentou no anterior pleno que había a posibilidade que xente da Xunta de Galicia viñera a revisar as instalacións do campo de fútbol, pregunta se viñeron nestes meses.

Laura García dille que de momento non viñeron, e que tiveron reunión coa Deputación e que van mirar a posibilidade de incluír o campo de fútbol nalgún POS, e que outro proxecto diferente é o das torretas, pero que todo depende do importe do POS.

-Pregunta se houbo avances no tema do polideportivo municipal.

A Alcadesa resposta que se mandou a documentación á Xunta, que houbo requirimentos, e que se está agardando a que se autorice.

-No último pleno comentaba a Alcadesa que se falara con Costas e que quedaron en darlle unha solución para as instalacións abandonadas de Mar Cultura, en Sismundi. Pregunta sobre isto.

A Alcadesa di que non lle contestou nada Costas.

-Reiteran o rogo de que se pinte a rúa San Xiao.

Alberto Balado explica que a empresa lle comentou que en quince días virían pintar.

-Insisten no rogo de que se retiren as cruces dos caídos da igrexa da Pedra e de Sismundi.

Alberto Balado dille que xa se retiraron.

-Comenta que tiveron queixas sobre a limpeza da piscina municipal.

Laura García explica que falou cos operarios e que lle transmitiron que ninguén lles trasladou ningunha queixa. Di que hai unha persoa nova que está comezando e substituíndo ao persoal de limpeza que se atopa de baixa laboral.

-Explica que un cidadán se puxo en contacto con eles porque se lle dixo dende o Concello que para a recollida de enseres se debe de chamar a unha empresa privada, pregunta se isto é certo.

Alberto Balado explica que o servizo está para recoller enseres, pero non para vaciar unha casa enteira de trastos. E que se se trata de vaciar unha casa de mobles, que os veciños deberán chamar a unha empresa privada, xa que o servizo municipal non está para iso.

-Di que o pasado 8 de abril que tiveron uha reunión para tratar o tema da secretaría do xulgado de paz e que aínda non tiveron comunicación de contacto algún co xulgado de Ortigueira ou a consellería de xustiza para buscar algunha solución.

A Alcaldesa resposta que non houbo contactos.

-Pregunta como vai o proceso de cambio de nome do colexio de educación infantil e primaria.

A Alcaldesa dille que tiveron a reunión e que se votou a favor, e que hai que seguir co procedemento.

-Pregunta se se van a reunir para consensuar os novos nomes, xa que os dous grupos pediron unha reunión o pasado 25 de febreiro e que aínda non obtiveron resposta; e a Alcaldesa dille que en canto teñan tempo, e que non esquecen o tema.

-Rogan que se axilice a revisión do PXOM, na medida do posible, para resolver problemas aos que se enfronta parte da veciñanza, como é o caso das zonas ás que aínda non chega o subministro eléctrico. Por exemplo, a inclusión de San Xiao como núcleo rural no PXOM permitiría acceder ás axudas da Xunta para a instalación desta infraestrutura.

-Comenta que teñen unha gran preocupación para apurar a modificación do PXOM e a aprobación do Pepri, vendo a problemática habitacional que hai en xeral en Galicia con cifras como que os alugueres subiron un 30% mentres se duplicaron os pisos turísticos dende o ano 2021.

A Alcaldesa comenta que hai unha problemática se benefician máis se os pisos os poñen como aluguer turístico, e que cada propietario decide o que quere facer coas súas propiedades, e que tamén hai moitas vivendas abandonadas.

-Di que visto que nos decretos de Alcaldía xa se fixo o pagamento dalgunha subvención nominativa, que ocorre co pago das subvencións ás asociacións.

A Alcaldesa resposta que están pendente de fiscalizar por Intervención.

-Pregunta polo avance da RPT e se se pode ter un documento e aprobala en breve.

A Alcaldesa resposta afirmativamente.

-Pregunta en qué materias ven prioritario un maior investimento do Concello.

A Alcaldesa comenta que servizos sociais é o que máis recursos leva, e que hai que dar unha volta á hora de fiscalizar este servizo, xa que hai moito gasto e pouca recadación, e que hai que darlle unha volta ao funcionamento, xa que o servizo leva o 50% do orzamento.

A continuación José M. Alonso realiza as seguintes PREGUNTAS:

En primeiro lugar quere disculpar a súa ausencia no último pleno xa que non puido asistir por motivos persoais, e que é a primeira vez que non asiste a un pleno en dez anos.

-Roga que se estableza un sistema de retransmisión dos plenos a través de videoactas, para que a secretaria non teña que copiar a man.

-Con respecto a Mar Cultura, pregunta se falon co dono das instalacións xa que é o que ten que cumprir a lei, porque a concesión administrativa xa rematou, tendo que facerse cargo dos refugallos, e se procede unha sanción, que hai que aplicarlle.

A Alcaldesa di que toma nota e que se poñerá en contacto co dono.

-Pregunta cando se vai pintar a rúa San Xiao e Alberto Balado dille que o van facer de forma inminente.

-Di que lle comentaron os taxistas que a actual cabina de teléfonos que non ten servizo de telefonía, e que igual se pode sacar e poñer un tótem a modo de directorio ou un panel informativo.

-Pregúntalle á Alcaldesa se tivo unha reunión polo tema da vivenda co presidente do banco malo, e a Alcaldesa díxolle que non.

-Pregunta como está o tema do Pepri, e a Alcaldesa dille que non se enviaron as cartas.

-José Miguel Alonso explica que un dos problemas principais da vivenda que é que hai un gran número de vivendas que se caen, e que se se saca adiante o Pepri que os titulares das mesmas que poden acceder ás subvencións para rehabilitar as vivendas, e que éstas tamén se revalorizarán. Engade que son arredor de 700 propiedades, e que o tema do banco malo é importante porque hai bloques de edificios case baleiros nos que se están a caer as fachadas, e que se se sacan ao mercado é unha solución para poder habitalos. E que eles animan para que lles den adiante a todos estes proxectos, que saque adiante tanto o PXOM como o Pepri, e que a Alcaldía teña unha reunión co Sareb.

-Pregunta pola obra do POS da rúa Sanchola que quedou deserta.

A Secretaria contesta que está pendente de modificarse o proxecto polo técnico.

-Pregunta se saben algo da praza do médico que quedou vacante.

A Alcaldesa dille que non, e que se saen prazas e non quere vir ningún para Cariño, que non se lles pode obrigar.

Jose M. Alonso dille que iso ten solución, que a praza ten un complemento específico no salario, e que unha praza de difícil cobertura, se se modificar a Relación de Postos de Traballo e se fai que a praza sexa máis atractiva subindo o complemento específico, que se cubrirá. Rogo que lle pida á Xunta de Galicia que doten a esta praza dun complemento específico mellor.

-Di que fai dous plenos que preguntaron pola Aula Mentor, pregunta como está.

Laura García dille que a inaugurará para setembro. Comenta que se fixo unha reforma na biblioteca, xa que se asinou un convenio coa Axencia Tributaria para facer a declaración

da renda de forma telemática. E, que aproveitando iso, que se preparou a Aula Mentor, e que se comezará co curso despois do verán.

Pregúntalle José M. Alonso se a aula está lista en canto a operatividade.

Laura García dille que si, pero que consideran que é máis convinte que comece a funcionar despois do verán.

Pregunta en que se emprega a subvención destinada a esa aula.

Laura García dille que nas cámaras web, nos programas de software...e que tamén se pode empregar en material, salarios, etc...

-Dille José M. Alonso que xa se enteraron que tivo unha reunión co presidente da Deputación e pregúntalle que temas trataron.

A Alcaldesa comenta que se trataron as deficiencias do Concello e como dende a Deputación podían botar unha man. E que lles pediron axudas para un camión de residuos orgánicos, para facer máis eficaz a reciclaxe. Que a Deputación ten o compromiso de que vai axudar ao Concello e que se está agardando a que digan que si. Que tamen lle comentaron ao presidente o tema do campo de fútbol, o cambio de céspede, e que lle dixo a posibilidade de metelo nun POS.

José M. Alonso dille que eles tiñan un orzamento para o cambio de céspede de aproximadamente 285.000 euros. Pregunta a continuación polas subvencións nominativas que estaban pendentes coa Deputación.

A Alcaldesa dille que non falan desas subvencións, que non se puxo sobre a mesa, e que ela comentou que o polideportivo que xa estaba financiado po outro lado.

José M. Alonso pregúntalle se a Xunta vai pagar todo o tellado do polideportivo, e a Alcaldesa dille que o Concello que ten que aportar 46.000 euros.

-Alonso Pumar pregunta tamén polo tellado da casa da cultura.

Laura García dille que está solicitado no Fondo de Cooperación Local e tamén nunha liña de subvencións de mellora enerxética, pero que non ten os importes concretos.

José M. Alonso explica que cando se fixeron as depuradoras que lles tocou a eles executalas, e recuperar un convenio que viña do ano 2009, e que os cartos son finalistas.

Laura García dille que estiveron dous anos para falar con Valentín, e que teñen que facer un traballo previo e que agora mesmo que hai outras prioridades no Concello.

José M. Alonso di que piden que non se perdan eses cartos, e que se queren cambialos para aplicar a outras cousas que iso é unha decisión política.

Jonathan Miranda pregunta se son compatibles as subvencións que se pediron para a cuberta da casa da cultura.

Laura García dille que hai que agardar a ver que pasa.

-José M. Alonso fala do tema da RPT, pide que nesa negociación que se aproveite para eliminar duplicidades e que outras prazas que xa existían que se adecúen á realidade do que se necesite hoxe en día.

Ana M^a López di que está de acordo.

-José M. Alonso pregunta porque na licitación do subministro eléctrico non se acudiu ao acordo marco da Femp, xa que no seu día se adheriron á Femp porque saía máis barato.

A Alcaldesa dille que este contrato que é por un ano, e que se resultan melloras a través da Femp que se mirará de cambiar despois.

-José M. Alonso pregunta se falaron coa Dirección Xeral de Medio Ambiente polo tema do xabará, e a Alcaldesa dille que non.

-José M. Alonso di que o 14 de abril que a Deputación sacou no BOP unha bolsa para favorecer o servizo de arquitectura dos Concellos, e pregunta se se van a adherir a esa bolsa. A Alcaldesa di que se verá no seu momento.

-José M. Alonso di que o Celta xogou o acceso a Europa na última xornada da liga, e que enviou o Celta a todos os Concellos unha camiseta para facer campaña nas redes. Pregunta por este tema.

Laura García explica que a camiseta se cedeu ao clube deportivo Cariño, di que se vai a facer un acto dende o Concello e que se publicitará en redes.

-Pregunta José M. Alonso se se solventou a problemática coas vivendas turísticas.

A Alcaldesa dille que quedaron en que Urbanismo revisaba a documentación.

-José M. Alonso explica que hai un Concello o de Vilardeasantos, que a consecuencia do apagón, que tomou a iniciativa de facer un rexistro de pisos electrodependentes. Roga que se faga un rexistro dende servizos sociais neste sentido.

Laura García dille que a idea é boa pero non resulta operativa pola carga de traballo que existe neste departamento.

-José M. Alonso pregunta se este ano van a solicitar a subvención do desfibrilador á que renunciaron o ano pasado. Laura García dille que en concreto a renuncia foi fai dous anos, que a subvención que non saíu de momento e que cando saia, que a pedirán.

-José M. Alonso di que a Alcaldesa que os convocou por dous temas, polo tema do xulgado e outra por outro tema no día de onte. E que rogan que fagan unha para o cambio de nome das rúas. Que a Alcaldesa dixo que o colexio tiña unha proposta, e que iso quere dicir que a dirección do centro que estaba de acordo co cambio de nome e que esa proposta podía estar hoxe no pleno.

A Alcaldesa dille que sí mandaron a proposta, pero que non daba tempo a traelo neste pleno, e que se traerá para o vindeiro.

-Pregunta José M. Alonso como está o tema da reversión dos terreos a Costas. Engade que Cariño é un dos Concellos máis afectados de Galicia, que das 10 hectáreas case a metade que están en casco urbano.

A Alcaldesa dille que se comunicaron con Costas para que axilicen o tema da reversión, porque por exemplo na praza roxa se están a pagar moitas taxas.

-Pregunta José M. Alonso pregunta en relación coas axudas do Galp, que se pediron subvencións para actividades conserveiras e que desistiron desa subvención posteriormente.

Laura García explica que a memoria a realizou a consultora Goodlife, e que se pedía un certificado de que se trataba de unha competencia básica do Concello e que dende o Concello non se fixo.

A José M. Alonso parécelle sorprendente que se solicite algo para o que o Concello non ten competencia, e pregunta se non sería mellor pedir unha subvención para algo que resulte competencia do Concello.

Insiste Laura García que a interventora dixo que non se trataba de unha competencia básica municipal e que, polo tanto, non fixo o informe que se lle pedía.

-A continuación José M. Alonso comenta o tema da liquidación. Di que o Concello ten unha suma importante de cartos no banco, a 31 de decembro 1.204.000 euros, e un remanente de 1.078.000 euros, resultando unha estabilidade de 487.000 euros. Pregúntalle á Alcaldesa en que vai a invertir estes cartos.

A Alcaldesa di que o Saf é o maio furado que existe a día de hoxe no Concello, que se leva case 500.000 euros do orzamento municipal. Explica que existe unha regra de gasto que

hai que cumprir e que eses cartos non se poden aplicar tan fácilmente. Que dende o Estado se limita moito aos concellos pequenos pola regra de gasto, xa que antes se endebedaban moito máis os Concellos.

Pregúntalle Alonso Pumar cando fixo iso o Estado.

Ana López dille que fai unhos anos el tivo que lidiar coa regra de gasto, e que houbo un ano que non puido facer gastos.

José M. Alonso comenta que a regra de gasto sempre lles deu positiva, que tiveron que pagar un crédito cando entraron, e que foi o primeiro que fixeron, e que o Saf non leva o 50% do orzamento municipal, como afirmou a Alcaldesa nunha intervención anterior.

Dille a Alcaldesa que a finais de ano que houbo un ingreso por parte do Estado, a través da participación dos tributos.

-A continuación José M. Alonso ROGA que se adiquen a cazar subvencións e non veciños polas casas.

Dille a Alcaldesa que iso está fóra de lugar, e José M. Alonso resposta que o que está fóra de lugar é acusar falsamente aos veciños, que non se debe de perseguir a veciños e xente que non forma parte da Corporación, e que deben de medirse moito máis.

Laura García dille que considera que non se trata de un asunto para debatir no pleno.

Ana López tamén considera que as cousas persoais que non se deben de traer a pleno.

José M. Alonso di que se se trata de unha opinión pública de xestión do Concello que sí se debe de traer a pleno, e que piden non perseguir a opinión política da xente, que hai probas, como videos, e que hai xente que se lle chamou á casa por dar a súa opinión política, e considera que quen representa ao pobo que ten que estar por enriba diso.

A continuación, a Alcaldesa comenta que existe unha petición por parte da Asociación de Veciños do Concello de Cariño, dándolle a palabra á presidenta da mesma, que pasa a ler o seguinte escrito, que se reproduce de forma literal:

“Boas tardes a todos e todas: en primeiro lugar, queremos agradecer que se nos permita intervir no pleno. Alegrámonos de que, finalmente, se cumprira a normativa vixente e se nos recoñeza o dereito a participar como asociación veciñal rexistrada. Non é un favor: é un dereito. E exercelo é unha mostra de transparencia, democracia e respecto á veciñanza organizada.

Falamos hoxe aquí en nome da Asociación Veciñal do Concello de Cariño, pero tamén como voz de moitas persoas que comparten unha mesma preocupación: a ausencia dun centro de día no noso municipio.

Esta demanda non é nova. Remóntase ao ano 2008, cando se iniciou un proxecto que naceu coa promesa de dotar a Cariño dunha infraestrutura esencial para a atención ás persoas maiores e dependentes.

Desde aquela, o edificio quedou a medio facer e entrou nun limbo administrativo e político. Leva máis de 15 anos abandonado, deteriorándose mentres as necesidades reais da poboación seguen medrando. E o que non hai son recursos públicos axeitados para coidar de xente maior dependente de Cariño. E isto non é unha opinión, é un feito!.

Non sinalamos a ninguén en concreto. Sabemos que este problema vén de atrás e que non é responsabilidade exclusiva, nin moito menos, do goberno actual. Pero o que importa agora é que é unha responsabilidade de todos os que estamos aquí. Porque non é un problema dun partido, é un problema de Cariño, das súas familias e da súa xente.

O tempo pasou, e as promesas foron moitas: achegas da Xunta de 150.000 euros, intencións de limpeza e remate con 60.000 euros incautados á empresa, propostas de reactivación... Pero en realidade é que a día de hoxe, o centro segue sen existir.

Estamos a falar dunha infraestrutura vital. Non é un capricho. É unha necesidade para garantir a calidade de vida ás persoas que xa deron tanto por este pobo. Un centro que tamén serviría de apoio ás familias, a cuidadores e a todo un sistema de benestar que, neste momento, aquí, é insuficiente.

Desde a nosa asociación, queremos ser constructivos. Sabemos que non pode non ser viable rematar o edificio actual. Sabemos que a situación pode estar condicionada por cuestións técnicas ou económicas. Pero tamén sabemos que hai alternativas. Que se pode buscar outro emprazamento, pensar en convenios, en colaboracións. E que, se hai vontade, hai camiño.

Por iso, deixamos enriba da mesa as seguintes preguntas:

- Cal é a situación actual do proxecto iniciado en 2008?*
- Está en condicións técnicas e económicas de continuar?*
- Hai posibilidades reais de rematar ou reformular esa obra?*
- Estase considerando buscar solucións alternativas ou novos emprazamentos?*

Cariño leva moitos anos esperando. Non pedimos imposibles, pedimos compromiso. Pedimos planificación, transparencia e acción. E facémolo convencidos de que isto non é só cousa da administración: é responsabilidade de todo un pobo.

Porque se algo nos ensinou este proceso, polo que estamos hoxe aquí, é que non abonda en esperar: hai que facer.

Moitas grazas pola atención. Seguiremos aquí, traballando polo que creemos xusto para Cariño”.

Toma a palabra a Alcaldesa, di que se trata de un dereito da asociación e que está ben que poidan formular estas preguntas. Engade que a Alcaldía está para atender a todas as

asociacións e que sempre se lles atendeu, incluso sen cita. Di que todos os que forman a Corporación que están implicados no centro de día, que saben das necesidades que teñen os maiores e que non se trata de algo que deixen de lado.

Explica que o centro que agora estaba proxectado que ten unhas condicións que teñen que avaliar os técnicos, xa que os edificios parados se deterioran máis rápido, e que hai que mirar outras zonas nas que se poidan instalar outros centros de día, e que teñen conversas coa Consellería nese sentido. Engade que todos os días que teñen problemas en servizos sociais coa atención aos maiores, e que ningún que goberna cre que se esqueza diso, pero que moitas veces leva o seu tempo.

Dalle a Alcaldesa a palabra á presidenta da asociación. Ésta comenta que se trata de unha necesidade de primeira instancia, e que piden unión para poder levala a cabo e instar á Xunta de Galicia e á Deputación nese sentido.

A Alcaldesa dille que toma nota da súa inquietude.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e vinte minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana M^a Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE